

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 30 DE XUÑO DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 30 de xuño de 2014.

HORA DE COMEZO: 14:05 h.

HORA DE REMATE: 14:35 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña, D. Francisco Javier Soliño Soliño, D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 28 DE MAIO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 28 de maio de 2014.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINO PÚBLICO DE CANGAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar as solicitudes

de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JESÚS OTERO FERNÁNDEZ, (CAFETERÍA-BOCATERÍA "EL ESCORADO"), con DNI nº 53.116.064-W, con enderezo en Rúa Félix Ozámiz, nº 15-Coiro, para a ocupación con mesas e cadeiras nunha superficie de 20,00 m²., (segundo o deseño achegado, a situación indicada co nº 1) durante a tempada de verán-2014, a instalar enfronte do Paseo Marítimo de Rodeira (ao lado do antigo INEM).

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M^a GLADYS MIRANDA UYOQUE, (TAPERÍA "A MEIGA"), con DNI nº 53.117.093-L, en representación de "TAPERÍA A MEIGA", con CIF nº E-36.555.878, con enderezo en Rúa Félix Ozámiz, nº 14-Coiro, para a ocupación con mesas e cadeiras nunha superficie de 20,00 m²., (segundo o deseño achegado, a situación indicada co nº 2), durante a tempada de verán-2014, a instalar enfronte do Paseo Marítimo de Rodeira (ao lado do antigo INEM).

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entrego no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2014, agás o indicado no acordo.

H) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.

I) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para o ano 2014.

J) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

K) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

L) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.030.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.113.- A María Esther Iglesias Miranda, con enderezo en Areacoba, nº 78-Aldán, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán igualmente ao proxecto reformado de básico e de execución visado con data 4 de febreiro de 2014.

3.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.121.- O tramitado a instancia de Luis Pazó Fernández, con enderezo na Avda. de Moaña, nº 19-Cangas, solicitando prórroga da licenza de obras nº 22.212, denégaselle por solicitarse fóra do prazo que establece o art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE S/N.- O tramitado a instancia de "Telefónica de España, S.A.", con enderezo na Avda. Urzáiz, nº 133-1º andar-Vigo, para instalación de un poste de madeira en Piñeiro, nº 48-Darbo-Cangas, foi denegado por non estar permitidas liñas aéreas nos núcleos rurais.

3.A.3) LICENZAS PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 15.809.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR DOLORES CALVAR CAMINA E ANGEL FANDIÑO ACUÑA.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, o día 18 de xuño de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Dolores Calvar Camiña e Angel Fandiño Acuña, con enderezo na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 17-Cangas, para adición de dous andares para dúas vivendas no referido lugar, construídas ao abeiro da licenza municipal Nº 16.027.

3.A.4) ARQUIVO DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.613.- O tramitado a instancia de Zoilo Boubeta Bermúdez e María del Carmen Moreira Pereira, para reforma e ampliación de vivenda na Garita-Rodeira-Cangas, acórdase o seu arquivo a pedimento dos/as interesados/as, segundo o escrito do día 18 de xuño de 2014.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.560.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.646.- A José Estévez Pousa, con enderezo en Estrada a Bueu-Vilariño, nº 16-O Hío, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán a documentación presentada o 13 de maio do 2014, que contempla a construción da caseta noutra situación, dentro da mesma parcela.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 23.019.- Marta María Chapela Nogueira, cerramento en Lontreira, nº 2-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 24.950.- Luis Saiz Vidal, cambio material cubrición e pintado fachadas en Baixada á Praia de Nerga, nº 88-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 24.966.- Marcelino Fernández Cuervo, cambio de tella na Avda. Concepción Arenal, nº 51-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 24.675.- Anselmo López Carreira, cerramento en Cunchido-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 24.973.- José Giraldez Cordeiro, edificación adxetiva e cerramento en Escote, nº 29-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 24.996.- Arturo Romero Fernández, reparación tellado en Toxeira, nº 16-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.004.- Remigio Fernández Mariño, cambio de tella na Serra de Poente, nº 26-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.010.- Dolores Franco Martínez, caseta en Erbello.

EXPEDIENTE Nº 25.021.- José Luis Alvarez Montenegro, apertura de oco para fiestra en Cunchido, nº 44-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.022.- Carlos Álvarez Madrigal, pintado fachadas en Rúa Diego Xelmírez, nº 1-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.025.- José Vilas Juncal, cambio de tella na Avda. Concepción Arenal, nº 49-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.034.- Iderla Beatriz Benítez, acondicionamento local churrería na Avda. de Marín, nº 1-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.042.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CANIVES, para reparacións de cuberta en Rúa Atranco, nº 6-1ª travesía.

EXPEDIENTE Nº 25.048.- Modesta Rodal Fandiño, selado de carpintería exterior en Rúa Antonio Nores, nº 2-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.050.- José Santos Martínez, cerramento en Piñeiro-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.056.- Bernardo González Morais, reparación e fachada na Avda. Concepción Arenal, nº 15-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.057.- Carmen González Portela, reparación cuberta no Igrexario, nº 103-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 1.717.- Maria Antonio Guillén Celada, cambio titularidade comercio calzado e complementos en Rúa Sol, nº 16-baixo.

EXPEDIENTE Nº 1.733.- "CONSERVAS ARTEMAR, S.L.", cambio titularidade, tenda de degustación café -bar, con evacuación de fumes, en Rúa Eirado do Señal, nº 4-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.734.- Gabriela e Laura Amoedo Bastos, cambio titularidade café-bar na Avda. Méndez Núñez, nº 20 b-Cangas.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 3/2013

Dase conta de proposta do instrutor do día 20.6.14 referente ao expediente de infracción urbanística nº 3/2013, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 3/2013

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro do 2014, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de Rafael Zuñiga Camiña e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Cmño. de Alada-Vilanova, obras consistentes realizar un cerramento en bloque de formigón de 3,00 m., de longo por 2,00 m., de alto a 3,50 m., do eixo da estrada, así mesmo, realizou unha rampla de formigón de 5,00 m., de longo por 2,50 m., de ancho e un cerramento perimetral de aproximadamente 120,00 m., en postes de formigón prefabricados e malla plastificada ata 2,00 m., de altura,, sendo a construción de carácter ilegalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que Rafael Zuñiga Camiña, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 €.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da

Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a Rafael Zuñiga Camiña, na súa calidade de promotor, unha multa sancionadora de SEIS MIL UN EUROS (6001,00 €), por infracción, ó ter cometido as obras de realizar un cerramento en bloque de formigón de 3,00 m., de longo por 2,00 m. de alto a 3,50 m., do eixo da estrada, así mesmo, realizou unha rampla de formigón de 5,00 m., de longo por 2,50 m. de ancho e un cerramento perimetral de aproximadamente 120,00 m., en postes de formigón prefabricados e malla plastificada ata 2.00 m., de altura.*

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento, se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 3/2013.

5.B) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 3/2013

Dase conta de proposta do instrutor do día 19.6.14 referente ao expediente de infracción urbanística nº 23/2013, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 23/2013

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro do 2014, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de 'Marítimo Rodeira, S.L.', e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Ourelo-Darbo, obras consistentes en construción de pilares e cerramentos de contención para cimentación de vivenda unifamiliar, sendo a construción de carácter legalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que 'Marítimo Rodeira, S.L.', na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para gradua la sanción a impoñer na súa contía 1250 €.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a Maritimo Rodeira, SL, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de DOUSCENTOS CINCUENTA (250,00 €), (unha vez aplicada a redución do 80 por cento por haber legalizado as obras) por infracción ó ter cometido obras no lugar de Ourelo-Darbo, consistentes en realizar construción de pilares e cerramentos de contención para cimentación de vivenda unifamiliar.*

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 23/2013.

5.C) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 7/2013

Dase conta de proposta do instrutor do día 6.5.14 referente ao expediente de infracción urbanística nº 7/2013, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 7/2013

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de decembro do 2013, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de Angel Fernández García e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Cunchido de Arriba, nº 10-Darbo, obras consistentes en realizar o chapeado de pedra en muro de cerramento en aproximadamente 30,00 m. de lonxitude, sendo a construción de carácter legalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que Angel Fernández García, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística, a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 1250 euros.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local, a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a Angel Fernández García, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (250,00 €) (unha vez aplicada a redución do 80 por cento ó ter legalizado as obras) por infracción ó ter cometido obras de chapeado de pedra en muro de cerramento en aproximadamente 30 m de lonxitude.*

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 7/2013.

5.D) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 19/2011-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 23.6.14 referente ao expediente de infracción urbanística nº 19/2011-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 19/2011-S

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de marzo do 2014, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de Rosa García Queimaño e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Trigás-Coiro, obras consistentes en realizar un cerramento sendo a construción de carácter legalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que Rosa García Queimaño, na súa calidade de promotora é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 1250 euros.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a Rosa García Queimaño, na súa calidade de promotora unha multa sancionadora de 250 euros (unha vez aplicada a redución do 80 por cento ó ter legalizado as obras) por infracción ó ter cometido obras de un cerramento.*

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 19/2011-S.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

6.A) PROPOSTA DE CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 27.6.14, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** Concederlle a Bernardo F. I., con expediente 36008/01/000019-VI0000036524, o Servizo de Axuda a Domicilio, a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

- Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

- Número de horas mensuais: 9 horas.

- Custo total do servizo: 110,34 € (12,26 €/hora)

- Achega económica da persoa usuaria: 2,36% sobre a capacidade económica de 738,38 € sendo a cota mensual de 17,43 €.

- Data prevista de inicio do servizo de SAF: 01 de xullo de 2014."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

6.B) PROPOSTA DE CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 27.6.14, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** Concederlle a Remedios C. V., con expediente 36008/01/001239, o servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de libre concorrência e de acordo ós seguintes detalles:*

- Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atencións de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

- *Número de horas semanais: 3 horas (1,5 h. - 2 días/semana)*

- *Custo do servizo total: 175,10 € (12,97 €/hora)*

- *Achega económica da persoa usuaria: 10% sobre o prezo da hora sendo a cota mensual de 17,51 €.*

- *Data prevista da ampliación do servizo de SAF: 01 de xullo de 2014."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

6.C) PROPOSTA DE CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 25.6.14, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** Concederlle a José Jasmin M. R., con expediente 36008/01/002658, o servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de libre concorrência para a intervención en situacións de emerxencia e evitar situacións de risco. Valórase o servizo conforme cos seguintes detalles:*

- *Prestacións:*

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atencións de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

- *Número de horas mensuais: 7 horas. Custe total do servizo: 90,79 € (12,26 €/hora).*

- *Achega económica da persoa usuaria 0% sobre o prezo da hora sendo a cota mensual de 0 €.*

- *O servizo de SAF iniciouse por urxencia o 25 de xuño de 2014."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

7º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE PRÓRROGA DO SERVIZO MUNICIPAL DE ALOXAMENTO TEMPORAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 27.6.14, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Aloxamento Temporal, que di:

"Estanislao Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra),

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do centro Municipal de benestar Social, propónselle a seguinte resolución:

** Concederlle a Delmar B. R., con expediente núm. X1006104S, a prórroga da cesión do servizo por reunir os requisitos establecidos na Ordenanza reguladora do SAF.*

- *Cunha duración prevista de prórroga de cesión de tres meses dende o 2 de xullo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

8º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN, CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE EXPURGO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE DARBO

Dase conta de proposta do día 9.5.14 da concelleira de Educación, Cultura, Deportes, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación do expediente de expurgo da Biblioteca Municipal de Darbo, da que é responsable, M^a Idoya Chapela Silva, cun total de 700 exemplares expurgados, e que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN, CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

O concelleiro delegado de Educación, Cultura, Deportes, Xuventude e Voluntariado, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación do 'Expediente de Expurgo' da Biblioteca Municipal de Darbo. Todo isto nos termos que figuran no informe emitido ao respecto pola bibliotecaria da mesma co seu correspondente anexo, no que se relacionan as obras a expurgar."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

9º.- PROPOSTAS DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/AUTORIZACIÓNS DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

9.A) PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 17.6.14 da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de autorización dun posto de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES

Por escrito presentado no Rexistro Xeral deste concello o día 11/06/2014, Sow Mame Bouso, con NIF A00692083 e domicilio en R/ Barcelona, nº 6-D, 36211-Vigo-Pontevedra, solicita autorización para a colocación dun posto de venda ambulante os venres, cunha extensión de 6,00 metros.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Como sinala o artigo 14 da Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, do 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados a tal actividade.

Tendo en conta esta previsión, e considerando a falta de espazo dispoñible a data de hoxe no recinto destinado ao mercadiño, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polo interesado.

II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude dunha autorización para un posto de venda ambulante para o venres, presentada o 11/06/2014 por Sow Mame Bousso, con NIF A00692083, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de autorización dun posto de venda ambulante.

9.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DO EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 17.6.14 da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de autorización do exercicio da venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DO EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES

Por escrito presentado no rexistro xeral deste concello o día 03/06/2014 (nº entrada 6571), José Antonio González Solla, con NIF 768I2I65P e domicilio en Casanova, nº 109- 36954-Moaña, solicita licenza municipal para exercer a venda ambulante de peixe no municipio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Establece o artigo 8 Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, de 8 de abril de 2013) que: 'só poderán

expoñerse e venderse produtos autorizados, tales como artigos textís, de pel, calzado, artesanía, cestería, ornato de pequeno volume, material de Nadal, cosmética, perfumería, quincalla, libros, aparatos de radio, Cd, DVD, plantas, sementes, ferramenta e maquinaria agrícola, xoguetes, árbores e outros análogos.' Así mesmo, o aludido artigo sinala que: 'os agricultores poderán vender directamente os produtos do campo tales como verduras, legumes e froitas, sen xustificar a alta no Imposto de Actividades Económicas, nin afiliación a Seguridade Social, previa manifestación de que tales produtos son sobrantes de consumo familiar propio procedente de excendentes de produción, que será comprobado (non permitíndose a venda de produtos fóra de tempada).

Por outra banda, o artigo 9 da referida ordenanza dispón que: 'queda expresamente prohibida a venda ambulante no mercado de animais de compañía, carnes, aves e caza frescas, refrixeradas ou conxeladas, peixes e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, leite certificada e leite pasteurizada, pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados e outras semiconservas, así como, aqueles outros produtos que supoñan un risco sanitario polas súas características a xuízo das autoridades competentes.'

Tendo en conta o disposto por estes preceptos, e considerando a natureza dos artigos que pretende comercializar o interesado, cabe concluir que nos atopamos ante produtos cuxa venda ambulante non está autorizada pola ordenanza.

Cabe engadir que o parágrafo segundo do aludido artigo 9, no seu inciso final, establece que se permitirá a venda dos produtos anteriormente citados, cando a xuízo das autoridades sanitarias competentes se dispoña das axeitadas instalacións frigoríficas e os produtos estean debidamente envasados, pero en calquera caso, o interesado, na súa solicitude, non acredita o cumprimento destes requisitos.

2.- Afondando nas condicións esixidas pola Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante respecto á venda de alimentos, cabe facer especial mención aos parágrafos segundo e terceiro do seu artigo 10. Neles establécese, respectivamente, que: 'os artigos á venda deberán cumprir o establecido en materia de sanidade e hixiene especialmente cando se trate de produtos perecedoiros' e que: 'os alimentos cumprirán a normativa sanitaria esixida para cada un deles, sendo indispensable que se presenten, etiquetados, protexidos, con rexistro sanitario e refrixerados aqueles produtos cuxa normativa, así o esixa. Todos os alimentos deben estar protexidos da contaminación polo po, insectos e outras fontes de suciedade evitando a súa manipulación polo público, o contacto directo co solo e a incidencia directa do sol e a choiva. Os produtos a granel e sen envoltura deberán exponerse para a venda protexidos mediante recipientes ou vitrinas que reúnan as condicións hixiénicas esixibles e, na súa manipulación, utilizáronse utensilios adecuados.'

Novamente, cabe indicar que a solicitude presentada polo interesado non acredita nin o cumprimento da normativa sanitaria que poida resultar aplicable, nin a adopción das medidas que garantan a protección dos alimentos, nos termos expresados pola ordenanza.

3.- En calquera caso, á marxe das consideracións efectuadas con relación aos produtos para cuxa venda solicita autorización ao interesado, cabe indicar que, como regra xeral, non cabe autorizar ao exercicio da venda ambulante en lugares distintos aos fixados pola ordenanza municipal.

Así, en canto ao lugar destinado ao exercicio da venda ambulante, dos puntos tres e catro do artigo 4 da ordenanza extráese que o mercado ambulante municipal emprázase como regra xeral no entorno da praza de abastos e Avda. Eugenio Sequeiros, sen prexuízo de que o concello poida modificar dito emprazamento por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, mediante resolución de Alcaldía ou, de ser o caso, acordo da Xunta de Goberno.

A concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo.

Tendo en conta o exposto, conclúese que a solicitude presentada por José Antonio, para exercer a venda ambulante en todo o municipio de Cangas, é claramente incompatible co disposto pola ordenanza.

4.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude dunha autorización para o exercicio da venda ambulante no municipio de Cangas presentada o 03/06/2014 por José Antonio González Solla, con NIF 768I2I65P, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de autorización do exercicio da venda ambulante.

MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

10º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE CANGAS, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA

Examinado o escrito do día 25.6.14 da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, ao que achegan convenio debidamente asinado entre a referida consellería e o Concello de Cangas, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cangas, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia ós departamentos de Medio Ambiente e Intervención.

SUBVENCIONS

11º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS DO "PLAN URXENTE DE MANTEMENTO DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS-2014" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Dase conta de proposta do día 26.6.14 da Alcaldía, referente a solicitude de axuda ao abeiro das bases reguladoras do "Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais-2014", da Deputación Provincial de Pontevedra, que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS DO PLAN URXENTE DE MANTEMENTO DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS 2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Publicada do BOP nº 105 do día 3 de xuño de 2014, a modificación das bases reguladoras do plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais

2014, bases publicadas no BOP nº 44 de data do 5 de marzo de 2014, as bases reguladoras do plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014 e de conformidade co escrito remitido pola Deputación de Pontevedra comunicando que a cantidade correspondente a este concello para dito plan é de 306.232,03 euros, vistas as múltiples necesidades, redáctase o proxecto de pavimentación de San Roque e urbanización da rúa Noria, polo que esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar os seguintes proxectos:

DENOMINACIÓN OBRA	IMPORTE TOAL CON IVE
• Pavimentación San Roque-Darbo.	160.692,07
• Urbanización Rúa Noria	145.307,99

Segundo.- Solicitar para a súa realización unha axuda polos seguintes importes, con cargo ó 'Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais-2014':

DENOMINACIÓN OBRA	IMPORTE TOAL CON IVE
• Pavimentación San Roque-Darbo.	160.692,07
• Urbanización Rúa Noria	145.307,99

Terceiro.- Declarar a dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

Cuarto.- Declarar que o Concello de Cangas para os investimentos que se solicitan, non lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da Alcaldía, referente a solicitude de axuda ao abeiro das bases reguladoras do "Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais-2014".

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

12º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

12.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo

pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
BEATRIZ RICO RODRÍGUEZ DNI Nº 33.825.234	Camiño da Praia de Arneles, nº 29-O Hío.	Camiño da Praia de Arneles, nº 29-O Hío. Deberá procederse á sinalización horizontal de liña amarela que prohiba o estacionamento enfrente da entrada, segundo o informe emitido o día 24.6.14 pola Policía Local.

12.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DESAPARICIÓN

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por desaparición, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
JESÚS IGLESIAS PIÑEIRO administrador da CC.PP. "GARAJES MIRAMAR" CIF nº H-36.347.961	Avda. de Marín, nº 23-1º esquerda-Cangas	Avda. de Vigo, nº 99-101- Cangas. Autorízase a renovación de sinal de pasaxe permanente, co nº 373 de placa. Polo departamento de Inspección de Taxas, deberá levar a vixilancia de onde puidera estar instalado o sinal nº 373, para proceder no seu caso á apertura do correspondente expediente de infracción.

12.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINAL DE PROHIBIDO O ESTACIONAMENTO NA FONTE DE GANDÓN

Visto o escrito presentado o día 19.6.14 por MILAGROS OTERO VIDAL, con enderezo en Camiño Novo a Devesa, nº 10-Aldán, no que solicita a instalación dun sinal de prohibido estacionar na zona da Fonte de Gandón.

Dase conta de informe do día 23.6.14 da Policía Local, referente a sinal de prohibido o estacionamento na Fonte de Gandón, que di o seguinte:

"Nº REX: 1191/14

ASUNTO: SINAL DE PROHIBIDO O ESTACIONAMENTO NA FONTE DE GANDÓN

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por Milagros Otero Vidal, presidenta da asociación de vecinos de Gandón, en Aldán-Cangas, onde solicita un sinal de prohibido estacionar para que se coloque na Fonte de Gandón, xa que está recién arranxada e non queren que os vehículos a estraquen.

Que por parte desta xefatura non existe inconveniente en acceder ao solicitado."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informes emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar a instalación dun sinal de prohibido estacionar na zona da Fonte de Gandón.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

13º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

13.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 452/2010, DITADA POLA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (SECCIÓN Nº 3) NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 378/2010 (PROC. ORDINARIO Nº 300/2009)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 23.6.14, referente a sentenza nº 452/2010 ditada pola Audiencia Provincial de Pontevedra (Sección nº 3), no recurso de apelación nº 378/2010 (proced. ordinario nº 300/2009), que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 452/2010 DITADA POLA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (SECCIÓN Nº 3) NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 378/2010 (Proced. ordinario 300/2009) X-09/40

Vista a sentenza nº 452/2010 ditada pola Sección 3 da Audiencia Provincial de Pontevedra no recurso de apelación 378/2010, na que se condena ao Concello de Cangas á aboar á actora, María Luisa Núñez Nogueira a cantidade de 16.500,00 euros máis os xuros legais correspondentes desde a data de interposición da demanda (26.05.2009).

Visto o auto ditado en data 9.05.2011 polo Xulgado de Ia Instancia e Instrución nº 1 de Cangas, no que se despacha execución por importe de 16.500,00 €, en concepto de principal, 2.036,37 €, de xuros moratorios vencidos, mais outros 4.669,52 €, fixados provisionalmente en concepto de xuros que poidan devengarse durante a execución e os custos desta, sen prexuízo da posterior liquidación.

Visto que o Concello de Cangas xa aboou a cantidade de 16.500,00 €, en concepto de principal. Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de DOUS MIL TRINTA E SEIS EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (2.036,37 €), en concepto de xuros a favor de María Luisa Núñez Nogueira, con DNI nº 36079181-R, con cargo á aplicación 230-352 do vixente orzamento de gastos.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a sentenza nº 452/2010 ditada pola Audiencia Provincial de Pontevedra (Sección nº 3), no recurso de apelación nº 378/2010.

13.B) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 311/2014 DITADA POLA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Dase conta de sentenza nº 311/2014 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, referente a recurso de apelación nº 4487/13 do referido órgano xudicial, e procedemento de orixe: P.A. nº 300/12 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda quedar informada da sentenza nº 311/2014 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E MULLER S/COMEDORES ESCOLARES DURANTE AS VACACIÓNS DE VERÁN

Dase conta de proposta do día 30.6.14 da concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller, referente ao peche dos comedores escolares durante as vacacións do verán, que di o seguinte:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DOLORES GALLEGO SANTOS, CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E MULLER

EXPÓN:

Ante o peche dos comedores escolares durante as vacacións de verán, PROPÓN:

A creación dunha comisión de seguimento que permita a concreción dun 'Plan de apoio á alimentación infantil', de xeito que todos os nenos/as teñan cubertas as súas necesidades básicas de alimentación durante o período das vacacións escolares.

Formarán parte desta comisión dúas traballadoras do C.M.B.S. e a propia concelleira."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller, referente ao peche dos comedores escolares durante as vacacións do verán.

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS) INCLUÍDAS NO ANEXO AO PLAN DE OCUPACIÓN-ANO 2014

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 27.6.14, referente a autorización para ocupación temporal do dominio público marítimo-terrestre, incluídas no anexo ao Plan de ocupación-ano 2014, que di o seguinte:

"AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS), INCLUÍDAS NO ANEXO AO PLAN DE OCUPACIÓN ANO 2014

PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDIA

Con rexistro de entrada do 24 de xaneiro de 2014, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra, expresando os criterios de actuación para a elaboración e

explotación dos plans de ocupación con servizos de temporada nas praias durante a tempada estival do ano 2014. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os/as interesados/as a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do concello.

Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado, e xunto coas solicitudes e propostas dos/as interesados/as, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Procédase á aprobación do anexo das autorizacións para ocupación temporal do dominio público-marítimo terrestre (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS), que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, solicítase do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relatados, que por circunstancias sobrevidas, cambio de actividade e da titularidade do establecemento, foi solicitada e comunicada o día 03/06/2014.

ANEXO AO PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVIZOS DE TEMPADA NA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE DO CONCELLO DE CANGAS (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS)

O día 24 de xaneiro de 2014 achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de temporada do Concello de Cangas.

Unha vez examinada a mencionada circular, as peticións previas realizadas polos interesados, e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada, se considera preciso cubrir os servizos de temporada, ligados a establecementos hostaleiros, nas localizacións que a continuación se indican:

a. Paseo de Rodeira:

(1) Unha terraza de 25,00 m²., vinculada ao establecemento denominado 'RGB', do 1 de xullo de 2014 ao 28 de febreiro de 2015.

- Annelys Remis Mesa, Avda. de Marín, 23, dereita, Cangas (DNI: 49670750-Z).

A situación de cada un das ocupacións solicitadas é a que se sinala no plano achegado."

ANEXO:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DAS TERRAZAS NA VIA PÚBLICA

HORARIOS:

1. O horario de peche será:
 - En días laborais e festivos ás 00:00 horas
 - En sábados e visperase festivos ás 01:30 horas.

2. Durante o periodo comprendido enter o 1 de maio e o 30 de setembro, os establecementos poderán ampliar o seu horario de terraza ata as 02:00 horas, excepto os sábados e vísperas de festivos que poderán ampliarse ata as 02:30 horas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a autorización para ocupación temporal do dominio público marítimo-terrestre, incluídas no anexo ao Plan de ocupación-ano 2014.

C) SOLICITUDE DE VALENTINA GARCÍA ABAD S/AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE POSTO DE VENDA DE QUINCALLA EN CABO HOME

Vista a solicitude presentada o día 27.6.14 por VALENTINA GARCÍA ABAD, con enderezo en Rúa Catalina de la Iglesia, nº 5-San Roque-Darbo, na que solicita autorización municipal para a ocupación de terreo público no lugar da falda do Monte Facho, coa instalación dun posto de venda de artesanía, como atractivo turístico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda denegar a solicitude realizada pola Sra. García Abad, por non ser, o terreo onde se pretende a situación do posto de venda, de titularidade municipal.

D) SOLICITUDE DE RUBÉN ROQUE SILVA S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA INSTALACIÓN, EXPOSICIÓN E EXHIBICIÓN DO ESPECTÁCULO DE COCHES AMERICANOS NA ESPLANADA DA PRAIA DE RODEIRA

Vista a solicitude presentada o día 26.6.14 por RUBÉN ROQUE SILVA, con enderezo en rúa Altas de las Miras, nº 16-Murcia, na que demanda autorización municipal para a instalación, exposición e exhibición de espectáculo de coches americanos a situar na esplanada de Rodeira, os días 12, 13, 19 e 20 de xullo do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda denegar a solicitude realizada polo Sr. Roque Silva, porque o Concello de Cangas non pode prescindir do aparcamento de Rodeira durante a tempada de verán.

E) SOLICITUDE DE CONCEPCIÓN GUIMERÁNS GONZÁLEZ S/AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE CARPA INFORMATIVA DO CANCRO DE PEL

Vista a solicitude presentada o día 11.6.14 por CONCEPCIÓN GUIMERÁNS GONZÁLEZ, con enderezo en Rúa A Paz, nº 16-2ªA-Cangas, na que como presidenta da "Asociación Española Contra el Cáncer", solicita autorización municipal para o día 4 de xullo do ano que andamos poñer unha carpa informativa sobre o cancro de pel.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a solicitude realizada pola Sra. Guimeráns González, e polo tanto, conceder autorización para instalar na vía pública unha carpa informativa sobre o cancro de pel para o día 4 de xullo do ano que andamos.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente